

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 67

ano 11

novembro-décembro 2016

O Santo Oficio da Inquisición (I) O FONDO DO TRIBUNAL DE GALICIA


O documento que protagoniza este número de *Fron da* é un expediente do **Tribunal do Santo Oficio de Galicia**, que recolle un proceso de dez anos (1645-1655) no cal a Inquisición reclama unhas rendas aos arrendadores das terras dun ribadaviense condenado por aquel Tribunal, que tiña no lugar de Ensalde, sito en **San Pedro de Xurenzás (Ribadavia)**. O reconciliado (condenado) chamábase Fernando Álvarez e tería perdido os seus bens baixo pena de **confiscación**, polo que se entende que sería un converso acusado de **xudaizante**, xa que ditas penas en Galicia aplicábanse exclusivamente a este tipo de reos. Trala confiscación, a Inquisición arrendaría de novo eses bens mediante **poxa pública**.

O proceso, iniciado coa denuncia de **falta de pagamento de rendas** en 1645, continúa cunha provisión ditada polo Santo Oficio en 1652, na cal, resolvendo secuestrar os bens ao arrendatario Bartolomé Lucía e a súa familia para ser de novo postos a poxa, encárgase ao familiar da Inquisición desa freguesía que o faga público. Finalmente, o caso remata cun auto do Tribunal en 1655 no que se estipula que o novo contrato de bens farase con Lorenzo de Meijome, que deberá continuar pagando á Inquisición a renda correspondente.

En **1492**, cando os **Reis Católicos** decretaron a expulsión de todos os **xudeus** que se negasen a ser bautizados, comezou o problema cos conversos. A partir dese momento a Inquisición perseguíraos por prácticas xudai-zantes, relativas aos xudeus convertidos ao cristianismo que seguían desenvolvendo en privado os seus antigos costumes relixiosos. Unha das penas fundamentais que se aplicaba por este delito era a **confiscación de bens**, que supoñía unha das principais fontes de ingresos cos que se financiaba o Tribunal inquisitorial.

Relacionado con isto, os tribunais tamén conseguirán unha retribución continuada en forma de **censos**, posto que as familias, ao non ter o importe necesario para recuperar os bens que lles eran confiscados, recorrerán á realización dunha especie de contrato co Santo Oficio para continuar coa súa explotación a cambio dunha renda. Había distintos destinos posibles para os bens que se confiscaban: mentres que os bens mobles entran a formar parte do patrimonio da Inquisición, os **bens**

raíces (por exemplo as terras) son sacados a pública poxa, como mostra este documento. Ademais o Tribunal percibirá para si os xuros ou censos que antes cobraba o procesado, feito polo cal se orixina este preito, pois os novos arrendatarios non pagaban a renda que lles correspondía.



1645-1655, Santiago de Compostela
Proceso instruído pola Inquisición de Galicia por falta de pagamento de rendas dos bens confiscados a Fernando Álvarez. Orixinal; escritura humanística e procesual; castelán; 93 fol.; 21 x 26 cm AHPOU, Tribunal do Santo Oficio da Inquisición de Galicia, c. 10218/09

O Tribunal da Inquisición de Galicia

O Tribunal do Santo Oficio instalouse en **España** mediante a bula *Exigit sinceræ devotionis* dada polo papa **Sixto IV** o 1 de novembro de **1478**, durante o reinado dos **Reis Católicos**. O maior problema que trouxo consigo a instauración do devandito Tribunal foi a radicalización do conflito xudeo-converso. A persecución contra os xudeus viña xa dende antigo, pero agora vaise converter nunha loita pola posición social, xa que estaban a arrebatarse os postos da elite aos cristiáns vellos.

Polo que respecta a **Galicia**, a instauración do Santo Oficio será un feito complexo e tardío, sendo o **Tribunal de Santiago de Compostela**, creado en **1574**, o derradeiro en emerxer dentro do territorio hispano. Nun primeiro momento o territorio galego dependía da sede de Valladolid, polo que Galicia non coñecerá a acción inquisitorial de maneira directa, a pesar de ser refuxio para un gran número de conversos que fuxían da persecución castelá. Unha das primeiras tentativas de instalar o devandito Tribunal lévase a cabo en 1562, debido ao medo á penetración das **ideas luteranas** a través do comercio marítimo con Europa, en pleno auxe, especialmente nos portos galegos. Pero estas primixenias tentativas de control resultarán frustradas, en parte pola dificultade de establecer a infraestrutura inquisitorial en territorio galego, pero tamén pola fervente **oposición das elites civís e eclesiásticas**. Por todo isto, a instauración definitiva non se vai levar a cabo ata 1574, momento no cal as localidades portuarias galegas se encherán de funcionarios da Inquisición para controlar o tránsito das ideas “heréticas” a través de libros e persoas. A este conflito pronto se lle sumará o **problema dos conversos**, que se radicalizará a partir do século XVII, converténdose nun dos símbolos de identidade da actuación inquisitorial en Galicia.

A actuación da Inquisición na provincia de Ourense


O primeiro referente da capital relativo á Inquisición pertence a **1530**, cando se nomea a **Diego Pérez inquisidor apostólico de Ourense** con xurisdición na totalidade do reino. Foi este un dos moitos pasos dados no complexo proceso de creación do Tribunal en Galicia.

Despois disto debemos centrarnos na actuación do Tribunal de Santiago sobre as comunidades xudías ourensás, destacando aos xudeus da **vila de Ribadavia**, posto que os documentos inquisitoriais presentes no AHPOu pertencen maioritariamente a este territorio.

Dispoñemos de testemuños da presenza de xudeus en Ribadavia dende 1386, pero a súa procedencia é descoñecida. Supoñemos que chegarían dende o reino castelán ou de Portugal cando a persecución contra os xudaizantes comezou a facerse máis forte, pois como dixemos, en Galicia non tivo apenas efectos nun primeiro momento. A vila de Ribadavia respondía as claves de asentamento preferentes para as comunidades xudías: por unha banda era un núcleo de poboación cun importante desenvolvemento económico; en segundo lugar,

atopábase nunha ruta comercial, neste caso a que unía o Reino de Galicia coa Coroa de Castela.

Respecto das actuacións da Inquisición nesta vila, destaca o curioso proceso de 40 xudaizantes acusados por **Jerónimo Bautista de Mena** en **1606**. Este sombrío personaxe, xudeu nun primeiro momento, delatou ante o Tribunal unhas 200 persoas, encabezando a lista cos membros da súa propia familia (incluída a súa defunta nai). Exemplo da gran importancia que tivo esta comunidade é que aínda hoxe persiste no imaxinario colectivo galego o recordo da xudería de Ribadavia, que mesmo é a temática central da festa grande da devandita vila, a **Festa da Istoria**.



Portada do proceso instruído pola Inquisición de Galicia contra os herdeiros de Batholomé Lucía por falta de pagamento de rendas. AHPOu, Tribunal do Santo Oficio da Inquisición de Galicia, caixa 10218 / 09.

Fondos documentais relativos á Inquisición no AHPOu

Os testemuños inquisitoriais dos que dispón o AHPOu están, maioritariamente, relacionados con **cuestións administrativas e da facenda** do Tribunal. As súas datas extremas atópanse entre **1571 e 1720**. Dentro dos mesmos recóllense dúas tipoloxías de documentos. En primeiro lugar, e con carácter fundamental, expedientes de **preitos** promovidos polo fisco da Inquisición con motivo da falta de pagamento de rendas ao devandito Tribunal. Por outra banda, tamén nos atopamos con **expedientes de venda e censo de bens**, exemplo dos contratos que o Santo Oficio fai sobre as propiedades confiscadas.

Ademais, dispónse dun documento de mediados do século XIX, o cal se atopa no fondo de Facenda presente no AHPOu, referente a un **inventario dos bens e rendas** do extinto Tribunal inquisitorial en Ourense, feito que debemos poñer en relación coas desamortizacións, pois atopámonos no período da gran **desamortización de Mendizábal**.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA